

NOTA DE PRENSA

A Asociación de Exaltación do Mexillón de Cabo de Cruz prepara a VIII edición da festa gastronómica para o sábado 15 de agosto

Sábado, 10 de xullo de 2009. A Asociación de Exaltación do Mexillón de Cabo de Cruz está a organizar, en colaboración co Concello de Boiro, a que será a oitava edición da Festa do Mexillón, que se celebrará no peirao da localidade os días 14 e 15 de agosto, sendo este último día, sábado, o que acollerá a degustación, a partires do mediodía.

As agrupacións mexilloeiras que participan nesta edición da festa son a Asociación de Mexilloeiros de Cabo de Cruz (AMC), Asociación de Mexilloeiros A Boirense, Asociación Amebarraña e Asociación de Mexilloeiros Virxe do Carme de Abanqueiro. Tamén se está en conversas cunha nova entidade fundada na localidade, Asociación de Mexilloeiros A Marxa, para que se incorpore á organización deste evento.

Os organizadores están a xestionar e agardan a implicación de entidades e empresas que veñen apoiando esta degustación gastronómica, como a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, a Mancomunidade Arousa e Norte, a Asociación Nacional de Fabricantes de Conserva (Anfaco), a Asociación Galega de Depuradoras (Agade) ou a Asociación Galega de Cocedeiros de Mexillón (Agacome). En canto á dinámica da celebración, será a mesma que en edicións anteriores: poderán degustarse mexillóns preparados en distintas especialidades, que se poñerán á venda xunto cun prato conmemorativo. Previamente, os asistentes deberán adquirir tickets para poder canxealos polas racións. Igual que en edicións anteriores, agárdase a participación de miles de persoas; ata o de agora a afluencia foi tal que sempre se esgotou o produto.

O Concello de Boiro apoia e colabora co colectivo mexilloeiro nesta celebración, xa que se trata dun sector produtivo cun peso moi importante na economía local de Boiro e na de todo o Barbanza, polo que o mexillón merece ter unha cita gastronómica que tamén serva para dar a coñecer este excelente molusco aos numerosos visitantes foráneos que visitan a zona nesta época vacacional.

Cabe sinalar que, en breves datas, celebrárase a presentación oficial da VIII Exaltación do Mexillón de Galicia, nas que se detallará o programa completo desta edición.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro.